



Os pensionistas toman as rúas

A foto que fala

Segundo datos que acaba de dar a coñecer a Organización Internacional para as Migracións, 3 139 persoas morreron o ano pasado cando tentaban cruzar o Mediterráneo...
[Foto: Olmo Calvo]



O trasno Política amablingüística

Daniel López Muñoz



Xa hai ben tempo que contei aquí o daquel crego das Mariñas que sen moito convencemento empezara a misar unha vez ao mes en galego, só a de doce, e sempre que non fose unha festa digna de mellor tratamento. Un de cada catro domingos. Non lle daba tempo á xente de aprender as respostas, vaia. O home pedía desculpas antes de comezar cada domingo, como se fose un pecado ou, quizais, máis ben, algo de mala educación. E o de mala educación vai en serio, que en terras de Ourense sabiamos doutro crego que afirmaba contundente que en galego non se podía misar porque tiña demasiadas “palabrotas”. En realidade o que estaba desexando o crego mariñán, como tanta outra boa xente, era ser ben educado, cousa que

o honra: isto é, que algún dos asistentes lle pedise, con antelación, que era de fóra e que por favor se podía facelo en castelán. Como negarse? Desesa maneira, entre a boa educación, as festas especiais, as ganas máis ben raras e a motivación desbordada... a cousa quedaba nunha misa en galego cada oito, ou cada trinta e seis, previa petición de desculpas, iso sempre. Até que a misa en galego morreu de boa educación.

As relacións de Feijoo co galego tamén se basearon sempre nesa mesma boa educación, que tamén agora chaman amabilidade e que consiste en que a lingua das palabrotas non se use nin diante de xente de fóra, nin de xente nova, nin de xente merecente de respecto. O noso home, sabémolo todos e todas, non fala galego na intimidade, como outros comenencias dicían que facían co catalán. Ademais, se hai que falalo, veña, “se fala” (sic), pero falalo por falalo... para que? Para que, se xa o fai no Parlamento, día si, día tamén, átono diante, tónico detrás.

Esoutro día vímolos pola tele nun acto que tiña o seu aquel. Descendentes

dos nosos emigrantes remataran diversos mestrados en Galicia e o presi entregoulles os diplomas, e animounos a facer a viaxe do revés, isto é, regresar a Galicia -agora que os nosos fillos e fillas marcharon polo mundo e que somos un país de vellos. A cuestión é que a súa invitación foi amable, foi a “hacer el viaje al revés”.

Que o máximo representante da galegitude institucional se dirixa aos fillos e fillas da emigración para que retornen e o faga sen facer presente o idioma propio de Galicia é o exemplo perfecto da política amablingüística. Sempre haberá motivos para deixar de usalo, “por educación”.

Se é na Coruña, inaugurando un centro comercial, por favor, estamos en La Coru; se é con escolinos... a ver, non entenden; se é con empresarios vigueses do naval... veña déixate de parvadas que isto é serio; se é con fillos da emigración... *es que te son de Inglaterra*.

Se o galego morre de amabilidade estalle ben, que carallo, por ter tantas palabrotas e ser de tan difícil comprensión.

Editorial

Á vista da sobre-reacción da xerarquía católica compostelá días atrás, a conta do sonado pregón do Entroido na praza do Obradoiro –nunha intervención pública, polo demais, ben acompañada coa oposición municipal do PP e o xornal compostelán que este partido subvenciona–, diríase que á Igrexa xerárquica galega, iso que os medios entenden por “la Iglesia gallega”, non se lle ocorre mellor maneira de estar no mundo ca acubillarse na trincheira das esencias nacional católicas e disparar contra calquera laicista que asome polo horizonte.

Debe ser a tradución “al gallego” que fan da primavera de Francisco. O papa Bergoglio inaugúrese, e séguese afirmando cada día, con esa emocionante proposta dunha renovación eclesial consistente en

Habería que ter outras prioridades e escoller ben os motivos de escándalo

“primerear” (tomar a iniciativa e saír aos camiños e ás encrucilladas onde están os excluídos da sociedade e saber convidar); en *acompañar* a humanidade en todos os procesos, por máis duros que sexan; en *frutificar*, dar froitos de misericordia e solidariedade e en saber *festexar*.

Recluírse nun búnker gris de incenso e culpabilización e, desde aí, “reaccionar” contra os ataques dunha humanidade emancipada; non acompañala, senón vixiala; non estar nas encrucilladas, a carón dos excluídos, dando froitos de igualdade, senón amarrarse a unhas esencias, unha linguaxe e unha simboloxía incomprensibles e unha moral merecente de psicanálise... Son toda unha mostra do que non é, aquí e agora, aquela proposta de Francisco.

“La Iglesia gallega” debería desmarcarse de “El Correo Gallego”, debería saír do búnker e da parcialidade política e beber de fonte limpa, comezando polo actual bispo de Roma. Ou por san Ireneo, que dicía aquilo de *Gloria Dei, vivens homo* (A Gloria de Deus é que a humanidade teña vida). E ter, logo, outras prioridades. E escoller ben os motivos de escándalo. Pobre doutrina, a que non sabe rir de si mesma!

É incomprensible nestes tempos gastar un chisco de enerxía e de imaxe pública en convocar actos de desagravios, coma se Deus fose un monstro ao que botar vítimas expiatorias. Blasfemias son a corrupción, o roubo de cartos públicos que empobrecen a sanidade, a escola, as pensións... Blasfemias son as pateras no Mediterráneo e a carreira de armamentos, e a violencia de xénero, e a homofobia, e a precariedade laboral. Pero no búnker hai demasiado incenso e non se ven estas cousas.

Rumores de esperanza

Xan Guillén

Entre os libros de meus pais, hai uns seis ou sete libros de encadernación verde que están entre outros. Son as obras de Vicente Blasco Ibáñez. Polo visto, meu avó tíñaas agochadas da miña avoa. Formaban parte da lista de libros prohibidos.

Supoño que o feito de que estivesen prohibidos incrementaba o desexo do prohibido de meu avó e, sobre todo, a sensación de facer algo que podería incomodar á miña avoa, unha muller moi, moi católica da época. Agora acaba de suceder un feito que me lembra esta historia familiar. Unha xuíza vén de secuestrar o libro *Fari-*

ña, de Nacho Carretero. De igual xeito que a prohibición de Blasco Ibáñez incrementou o desexo de lectura do meu avó, tamén moita xente comezará a lelo e interesarse polo que nel se conta: a historia do narcotráfico en Galicia.

En Galicia tivemos, e aínda temos, un grave problema con esta cuestión. Moito se sufriu co desexo de moita xente de se faceren ricos vendendo morte e destrución. Isto non é boa noticia, de igual xeito que non é boa noticia que secuestren un libro. O que é boa noticia é que haxa moita xente de todo o Estado que vai saber o



que aquí ocorreu e ocorre. Que as nosas desgrazas non pasen como unha anécdota histórica. Que se lea, e que se lea moito.

1




3



2



4



A peneira

1

ANMUPESCA (Asociación Nacional de Mulleres da Pesca) están a espallar as súas arelas nas redes a través da súa páxina web, conscientes de que a sociedade non coñece o seu labor fundamental, mesmo para a alimentación.

2

O 8 saímos á rúa para reivindicar a **IGUALDADE**. As mulleres no traballo cobran un 29% menos e nas pensións tamén un 37% menos. Mentres, nos xulzados hai unhas 18 denuncias ao día por violencia machista. Cada 10 minutos sucede un ataque machista no mundo; na Arxentina, cada 30 horas un asesinato; en Alemaña, 3.000 ao ano.

3

Galiza está a desertizarse –3 677 aldeas sen habitantes (desde o 2012, máis de dous mil)– e a envellecer: en 15 anos vai perder a cuarta parte da **MOCIDADE**: de cada cen persoas, 30 van ter máis de 64 anos e 10 menos de 16. Arestora emigran ao mes dous mil mozos/as entre 20/34 anos.

4

No **10 DE MARZO**, “Día da clase obreira”, temos que denunciar que o traballo é un ben escaso; en Ourense xa hai máis pensionistas ca traballadores activos. As e os avós están a soste os netos sen traballo e a maioría dos que o teñen, e un traballo precario, e aínda resisten.

5



7



6



Plataforma social
en defensa
dos dereitos nacionais
de Galiza

8



Alfonso Blanco Torrado

5

O 21 comeza a primavera coa entrega dos Premios María Casares no Teatro Colón da Coruña, homenaxéase a unha das fundadoras da Asociación de Actores e Actrices, Rosa Álvarez, promotora da profesionalización do **TEATRO** desde as Mostras de Ribadavia.

6

O 3 preséntase a Plataforma para a Defensa dos Dereitos Nacionais de Galiza, **VIA GALEGA**, co manifesto "Somos unha nación. Temos dereitos, fagamos ouvir a nosa voz" e a teima de unir vontades a prol do noso pobo, que necesita da coordinación de todos os colectivos, **www.viagalega.gal** e **coordinadora@viagalega.gal**.

7

A Rede de **PATRIMONIO** convoca unha xuntanza, o día 10 no local da Gentalha do Pichel, en Santiago, para coordinar iniciativas contra a desfeita da eucaliptización nos xacementos arqueolóxicos. Algúns destes colectivos xa o denunciaron na UE, que ten leis que a Xunta non cumpre.

8

Do 19 ao 24, terá lugar a **XUNTANZA DE MOCIDADE** de todo o mundo en Roma, para preparar o Sínodo do outono. As conclusións deste encontro van ser remitidas aos seu participantes, pero é unha mágoa que as e os mozos non poidan participar de viva voz.

Acabo de ler *Apegos feroces*, de Vivian Gornick, e *Ordesa*, de Manuel Vilas. Son dous enormes libros que se centran na relación cos pais. Gornick relata varios episodios da súa vida, xa adulta e divorciada, coa mai, mentres que Vilas revive a súa vida, especialmente co pai, desde a soidade que lle deixa a orfandade, o divorcio e o abandono voluntario do seu traballo de profesor funcionario.

A ruptura afectiva coincide co retorno á orixe familiar.

Non sei se houbo outra época literaria tan fértil no autorretrato narrativo. Estamos necesitados de saber qué nos trouxo aquí. O *selfie* fotográfico é un síntoma da actual necesidade, endémica, de cambiar o enfoque cento oitenta graos para vérmonos.

Simultaneamente, desaparece o mundo laboral tal e como o entendiamos: épica e tradicionalmente masculino, vaise reconfigurando para que as mulleres o repoboen, non sen duras resistencias de moitos que, incómodos, asisten ao gran cambio social iniciado no século XX: a ruptura, lenta pero imparabile, dos roles masculino e feminino.

O home redescubre o eido doméstico e o afectivo. “Desde que estou só, sei o que é ter unha cociña fodidamente limpa... Se aloumiño a miña cociña, aloumiño a alma da miña mai.” – conta Vilas en *Ordesa*, identificando unha persoa, a súa mai, co traballo que ela repetira diariamente durante toda a súa vida. Se o traballo cotián que realizamos nos acaba definindo e conformando, a comunión co ser querido realízase encarnándose nel, enlucando as mans no seu quefacer.

“Meu pai non me ensinou a querelo... Só vexo os meus fillos e eles non me ven.” – narra Vilas en dous momentos diferentes de *Ordesa*. O mundo afectivo desconcerta o

home, que non sabe imantar o apego familiar coa sabedoría e habilidade coas que o realiza a muller, experta familiar e novata laboral de forma inversamente proporcional ao home, novato familiar e experto laboral. Ou xa non é así para ningún dos dous?

Durante moito tempo, a familia era algo que estaba aí agardando, cando o home volvía do traballo, unida cun sorprendente engrudo do que se ignoraba a fórmula. “Camiñamos pola Quinta Avenida. É un mal día para min. Síntome gorda e soa, atrapada na miña deplorable vida. Sei que debería estar na casa traballando e que estou aquí facendo de filla dilixente só para evitar o escritorio.” – narra Gornick.

Carece un xénero das habilidades innatas que supostamente caracterizan o outro? Aparte das características biolóxicas, nunca crin nunha diferenciación maior e que adoita traer consecuencias ingratas para ambos xéneros. Traballa peor a muller? Ama os seus fillos peor o pai? Realmente encontro máis semellanzas con moitas mulleres ca con outros tantos homes. E podo asegurar que me encontro incómodo na simple etiqueta “home” que, ao ser unha etiqueta biolóxica, non debería achegar ningún outro dato definidor da miña persoa. Así tento ver aos demais: como o que son, non como o xénero ao que pertencen.





O peto común A PRISIÓN PERMANENTE REVISABLE

Manuel Regal Ledo

Co caso de Diana Quer, a case todos nos chegou o ofrecemento de firmar para non eliminar do noso código penal a prisión permanente revisable. Compartimos a inmensa dor dunha familia nesa situación e o medo doutras familias a verse en situacións semellantes; entendemos que ante unha mente tan descontrolada, e mesmo asasina, a reacción primeira é quitalo da nosa vista, canto máis tempo mellor. Pero iso igual nos impide pensar moitas cousas que deberiamos pensar.

Por que xorden persoas con tanta desorde persoal que as leva a faceren as animaladas que fan? É pura maldade? Xuntamente coa responsabilidade moral de cada quen, non existen razóns doutro tipo? Persoalmente coñecín e traballei con persoas moi desestruturadas, que tiñan feito verdadeiras barbaridades. Case sempre detrás dunha persoa dese tipo había tamén un contexto familiar e social igualmente desfeito. Noutros moitos casos había problemas psiquiátricos agudos, que ninguén afrontara con solvencia.

Que tipo de formación para a conduta se ofrece no currículo escolar? Formamos persoas para producir e para gañar cartos, pero non para saber vivir, coñecerse, entenderse, discernir os sentimentos e emocións que nos poden dominar, aprender a gobernar todo isto, capacitarse para manexar fracasos, controlar apetencias, etc. Todo este mundo de cousas tan transcendentais para a estabilidade e a felicidade dunha persoa queda normalmente no aire. A escola supón que o farán na casa e na casa ándase como se anda.



Que modelos sociais de valores e comportamentos lles ofrecemos á nosa infancia e mocidade a través dos variados medios de comunicación, dos personaxes que exaltamos, das metas que lles propoñemos, das cobizas que lles inoculamos, do consumo que lles fomentamos?

Cando unha destas persoas ingresa en prisión, que recursos de rehabilitación se lle poñen ao alcance? Que atención médico-psiquiátrica especializada se lle ofrece? Que seguimento se lle fai?

Cando se trata de revisar, a quen temos que revisar? Soamente o individuo condenado, ou tamén a todos os factores que incidiron no delito e a todos os recursos que fan posible a súa recuperación? Cantas responsabilidades están en xogo e deberían entrar nesa revisión? Aténdense estas diferentes responsabilidades alongando a condena do culpable?

O CARRABOXO por ROBE LOIS



Os sistemas privados de pensións están inspirados no máis puro afán de lucro



Concentración diante do Marco de Vigo

O Movemento Galego pola Defensa do Sistema Público de Pensións (MODEPEN) leva pouco tempo funcionando, pero o seu traballo dificilmente podería ser máis intenso e clarificador. Entrevistamos a dous dos seus representantes, Guillermo Fontán e Gonzalo Balo. Cunha longa vida na loita e no traballo sindical, traballando pola xustiza social sempre desde posicionamentos democráticos, agora, fóra da actividade sindical, continúan a loitar desde este Movemento polo presente e futuro das pensións.

Que é MODEPEN? Por que xorde?

MODEPEN o Movemento Galego pola Defensa do Sistema Público de Pensións, nace para defender a pervivencia e a boa saúde do sistema público de pensións. Xorde da reflexión dun grupo de antigos militantes sindicalistas. Parte da observación empírica dos datos socioeconómicos do noso país (contratos de miseria, depauperamento salarial ou a acumulación de riqueza en poucas e privilexiadas mans), que nos anuncian un descarnado ataque do poder económico contra os dereitos e razóns históricas dos traballadores/as, dirixido contra o sistema público de pensións.

MODEPEN representa un intento por pasar da simple lamentación a acción organizada ou someterse a unha penuria económica de por vida. Cumpriáanos actuar. Ao mundo do traballo nunca nos deixaron outro camiño para defender os nosos dereitos que o da mobilización social, e esta require organización para facela eficaz.

Fálase moito da inviabilidade do actual sistema de pensións e da necesidade de complementalo a base de privatizar ou complementar o futuro sistema de pensións. Que postura defende MODEPEN?

O sostemento financeiro dos servizos públicos de calquera estado non depende máis que da capacidade que o conxunto da sociedade teña para xerar a riqueza suficiente. Hoxe, como nunca antes na historia, está garantida a xeración de bens sen facer necesaria a participación do elemento humano en tarefas produtivas. Por outra banda o nivel de riqueza acadado no mundo ou en España é dos máis altos da historia, como nolo amosan os datos, que nos din que o número de millónarios medrou un 40% en España. A riqueza xérase, como vemos nas grandísimas fortunas evadidas a paraísos fiscais, ou das axudas aos bancos e rescate de autoestradas das que nunca máis se soubo.

Os sistemas privados de pensións están inspirados no máis puro e duro afán de lucro para multinacionais, aseguradoras e banca, fundamentalmente. Como entidades privadas que son, neles non hai ningunha garantía de futuro que asegure que, ao final da vida laboral se poida contar con unha pensión digna, porque ningún fondo privado é garantía de que na marcha do tempo non poida rematar na máis escandalosa creba. E aí está a proba de *Lehman Brothers*, onde os subscritores quedaron sen pensión e sen os seus aforros alí investidos ao longo dos anos ao crebaren en 2008.

Mais nos medios de comunicación insistennos sobre as bondades e beneficios destes sistemas privados de pensións.

Sobre a rendibilidade prometida por tales fondos e os resultados finais hai moi pouca coincidencia. A variabilidade de datos e de estimacións de futuras pensións demostran que os fondos privados, máis que ser unha garantía de pensións dignas resultan unha cuestión de alto risco inversor. As propostas privatizadoras son un xogo máis de caloteiros para desmontar o sistema público.

O gran poder económico busca ensanchar o seu campo de negocio, e iso pasa polo desmantelamento de todo canto supoña servizos públicos, e saben moi ben que, se conseguen desmontar o sistema público de pensións, os da sanidade, ensino e outros caerán por si sós. Cuestión da que é fácil deducir o nivel de precariedade e penuria na que se vería inmerso o mundo do traballo.

A solución financeira do sistema público non é máis que unha cuestión de vontade política, de xustiza social e reparto da riqueza. Cunha renda *per cápita* de 24.773 euros en España, temos máis que de sobra para garantir a viabilidade económica do sistema público de pensións, só é unha cuestión de xustiza distributiva. A solución non é a privatización, nin dunha parte nin do todo: é a redistribución fiscal xusta, vía impostos progresivos e orzamentos do Estado.

Falades de que a suba dun 0,25% das pensións prevista para este ano, non é máis que a perda de poder adquisitivo por parte dos pensionistas, ao comparala co aumento do IPC. Como hai que interpretar esta medida do goberno?

Ese 0,25% ao que o goberno lle chama suba, resulta un rebaixa efectiva do 2,75% con relación ao 3% que se prevé de incremento para o IPC no

2018. Representa unha medida cínica, aplicada en pequenas doses para non suscitar alarma social, pero a estratexia de fondo non é máis que a de debilitar progresivamente a paga mensual das pensións públicas ata deixalas nunha mera paga asistencial tipo beneficencia. Trátase dunha medida sinxelamente ruín, case cruel, contra a clase traballadora.

A solución financeira do sistema público é unha cuestión de vontade política, de xustiza social e reparto da riqueza.

Como inflúe no sistema de pensións o envellecemento e o conseguinte aumento do número de pensionistas?

A Seguridade Social española non ten problemas por falta de recursos económicos. Os seus únicos problemas son os intereses dos grandes poderes económicos e a vontade dos diferentes gobernantes políticos por facela inviable. Como xa dixemos antes, na actualidade a produción de riqueza, que se está a multiplicar, non depende do número de traballadores en activo. España, con esa renda de media de case 25.000 euros, pode so-

ster sobradamente os servizos públicos básicos.

O aumento do número de pensionistas polo envellecemento da poboación, grazas a unha maior lonxevidade, nós considerámola un ben social e de progreso da humanidade. Pretender atribuírle ao envellecemento da poboación as dificultades de financiamento da Seguridade So-

cial, resulta de un cinismo descarnado e miserable. Afirmamos moi alto e claro que os vellos de hoxe nada lle deben a esta sociedade de consumismo, gasto desmedido e corrupción. Foron os maiores de hoxe quen fixeron o maior esforzo de produción e xeración de riqueza histórica para España, construíndo escolas e universidades, vivendas e hospitais, portos e aeroportos, estradas e autoestradas, incrementaron a produción alimentaria e cultural. A estas xeracións correspóndenos, por razóns de xustiza histórica, proporcionarlle unha vida



Representantes de Modepen ás portas do parlamento Europeo



Debate sobre as pensións en Europa con representantes de xubilados de Cataluña, Grecia, Francia e Italia

digna. O problema non está no envellecemento, senón no inxusto reparto da riqueza, que só unha minoría privilexiada trata de acaparala a mans cheas.

Que se fixo mal na xestión do sistema público de pensións?

A xestión financeira do fondo de reserva das pensións non foi precisamente a mellor, pero o máis determinante foi o progresivo deterioramento da masa salarial. As reformas laborais foron encamiñadas a este fin: facilitar despedimentos de traballadores con salarios medianamente decentes e posibilitar novos contratos con salarios que non dan para chegar a fin de mes. Destes novos salarios non se poden esperar achegas económicas solventes ao sistema público de pensións, e menos cando se lles aplican reducións de cotas ou tarifas planas que deben ser financiadas con cargo aos orzamentos xerais do Estado e non como se fai, cargándollas á Seguridade Social.

Cales deberían ser as medidas a tomar polo goberno para reverter a situación, asegurar o sistema público

de pensións e manter o seu poder adquisitivo?

Se o goberno quixese facer algo socialmente decente para reverter a situación debería comezar por derrogar a salvaxe reforma laboral que o propio goberno do PP aprobou, e, así, quitar os salarios do nivel de precariedade ao que os levou a men-

O primeiro paso para soste as pensións é derrogar a reforma laboral.

cionada reforma. Sería un primeiro paso na boa dirección. Con todo, o sostemento do poder adquisitivo só pode quedar asegurado incrementando as achegas ao sistema público a partir dos orzamentos xerais do Estado, porque as modificacións do mercado laboral pola incorporación tecnolóxica á actividade produtiva provocará unha baixa ou nula creación de novos postos de traballo, polo que non se pode contar coas achegas económicas procedentes dos postos de traballo propiamente ditos.

MODEPEN de Galicia e a Coordinadora Estatal pola Defensa do Sistema

Público de Pensións teñen claro que hai un mundo de intereses económicos que se move en torno ao sistema de pensións. Cales son os próximos obxectivos de traballo e que mobilizacións prevé levar a cabo?

O primeiro e principal obxectivo é a implantación e organización en todos os espazos sociolóxicos de Galicia. Isto esixe un traballo sistemático de información e pedagogía social. Cómpre activar o pensamento crítico da xente, para pasarmos das lamentacións a acción. Aí temos todo o traballo feito durante o 2017, xunto coa Coordinadora Estatal, que nos levou a facer máis de cincuenta actos en forma de relatorios, conferencias, debates e mobilizacións na rúa. Nesas estamos e nesas imos seguir, intensificándoas tanto como nos sexa posible. Sempre mantendo a cabeza, a conciencia e a loita alta con orgullo, reivindicando a pertenza á clase traballadora, que vivimos do noso traballo e mantemos o mundo. Nós si vivimos do noso traballo, eles viven do que nos traballamos.

Mais queda todo un camiño por percorrer, para avanzarmos na concienciación, na organización e na loita. A historia nos mostra que os dereitos dos traballadores só serán respectados co compromiso da militancia social e da perseverancia na acción.

Por outra banda estamos convencidos da necesidade imperiosa de promover accións unitarias con todas as organizacións e colectivos sociais certamente interesados en loitar polo mundo do traballo. Esa é a nosa aspiración e responsabilidade, xunto con todos, porque todo problema colectivo esixe solucións colectivas.

Ler para camiñar Zapatillas rotas

Juan Antonio Pinto Antón

Xabier Quiroga *Zapatillas rotas*



XERAIS
narrativa

Xabier Quiroga escribe así de ben, cunhas mans de oleiro do idioma. Velaquí, nesta novela, nas súas novelas, a mellor política lingüística do país. Na que non cre un poder que le pouco, que non escribe, que non le relatos como *Zapatillas rotas*. Velaquí un canto cheo de quentura ás cousiñas pequenas, cotiás, ás que viven a carón de nós. É dicir, as verdadeiramente importantes. Velaquí as aventuras e desventuras dun ancián que escapa dunha residencia, e mais as dun parado: as dúas caras da moeda do país. Tamén dun policía pousón a piques de xubilarse. Unha figura con tanta vida no lombo que acaba por transformarse na pedra necesaria e desencantada de Sísifo.

A novela camiña calzada nunhas zapatillas rotas e cómodas que corren trala abraiante busca do velliño que escapa da residencia para coller o fío da vida que foxe. Unha viaxe chea desa necesaria mestura de sorrisos, tristeza e tenrura. Como acontece que na súa aventura miúda se acompaña dun parado, xa temos aquí o espello no que podemos mirarmos e recoñeceremos. O retrato do tempo que estamos a vivir, cos 'valores' desta sociedade esvarando cara a ningures polo escoregadoiro dunha crise irreversible.

Tamén se pode ler como unha rebelión contra ese sistema que arrinca os vellos das súas vidiñas, da casa e da contorna, dos olores e da paisaxe, desa familia achegada que é a veciñanza, para ancoralos en residencias onde van estar máis coidados, pero definitivamente máis afastados. Ese territorio pretendidamente humanizado que agacha un gorentoso negocio que vai de medras polo país adiante. Longas vidas de austeridade, traballo e aforros apenas alcanzan para pagar uns poucos anos ao final da vida.

Zapatillas rotas é unha rebelión contra ese sistema que arrinca os vellos das súas vidiñas

Na súa fuxida, a andaina transita pola burbulla do mediático, esa irreparable febre do sensacionalismo que vende e deforma, polo sentidiño do gardia a piques de xubilarse, polas historias persoais por veces impostas e por veces asumidas e que marcaron con gozos e sombras as nosas vidas e polas fermosas corredoiras do idioma que este Xabier Quiroga domina con mans de ourive.

Por iso cómpre lelo. Como cómpre ler a abondosa fornada de homes e mulleres que están a agasallarnos agora mesmo con obras de altísima calidade.

Tanta tenrura, tanta señardade, tanta retranca, tantas derrotas, tanta vida camiñando a modiño cunhas *Zapatillas rotas*. Dentro da caixa do Libro de Xabier Quiroga.

In memoriam Jaume Botey Vallés

Anxo Ferreiro Currás



Non ben recibín a desafortunada nova da morte inesperada de Jaume Botey, púxenme en contacto cos amigos de Cataluña polas beiras da base, tanto de cristiáns como sociais, para compartir a pena inmensa pola fuxida sen volta do noso amigo Jaume.

Home comprometido con este mundo no seu país, coa Igrexa, e de Xesús de Nazaret

Se entramos en internet co nome de Jaume Botey, aparecen as notas nos xornais, tanto en papel como dixitais, de Barcelona. Non me estraña nada porque a súa personalidade imprimiu en Cataluña unha pegada moi notábel. Foi cura secularizado, irmán doutro cura, Francisco, famoso na época franquista, que sufriu o cárcere de Zamora, cun labor interesante no Campo de la Bota, lugar barcelonés convertido nun barrio pobre, despois de ser lugar de axustizamento de fusilados vítimas do franquismo.

Jaume desenvolveu unha actividade social en Hospitalet como concelleiro e sobre todo, como animador social, escola de adultos. Formaba parte de *Cristianisme i Justicia* con publicacións de cadernos moi populares e certos como *Construir la Esperan-*

za, El dios de Bush, 500 años de la Reforma Protestante. Lutero. Profesor xubilado da Univesidad Autónoma de Barcelona. Todo iso e máis foi Jaume. Mais eu quero facerlle honor á miña relación con el.

Aló no comezo de século, atopámonos nas rambles para falarmos do que a min me interesaba, como era a Memoria Histórica. Tivo a idea de poñerme en contacto con Hilari Ragner, monxe de Montserrat, que nos dedicou o libro que acababa de editar, *La Pólvora e incienso. La Iglesia y la Guerra Civil*, libro para ter unha idea básica da nosa Igrexa nese tempo. Acompañounos na visita de Montserrat e ensinounos o Refectorio onde Castelao tratara o asunto do noso Estatuto de Galiza polas Cortes da República.

Vímonos despois moitas veces. Todos os anos nas xornadas de CPS (Cristiáns por el Socialismo). Un home animador, dialogante, moi comprometido como catalán. El tiña un estudo sobre o Procés, xa denantes de todo esta liorta actual, para publicar na revista de *Iglesia Viva*. Fun eu un dos seus privilexiados que mo entregou pensando que nunca o vería no prelo, que poren finalmente foi publicado en setembro de 2015, no apartado *A Debate*, co título de *El nacionalismo catalán y los sentimientos, Momento actual del Proceso*, de Jaume Botey Vallés. *Iglesia Viva*, 15 de setembro de 2015, páxs. 65-86. Pódese conseguir directamente en pdf por internet, para o que lle interese. No número seguinte da mesma revista aparece a réplica de Ramón Rosal Cortés.

Moito máis podería dicir deste home comprometido con este mundo no seu país, coa Igrexa, e de Xesús de Nazaret. Fóisenos inesperadamente. Terémolo na lembranza e no corazón de Deus-Pai.

Pingas de orballo Na memoria de tantas e tantos (2)

Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero.



Mais aquí en Galiza, non foi menos que en Alemaña ou en Italia. **Os cárceres que aínda nos miran, dóennos e avergónannos cada vez máis, un día e outro día, volven sobre de nós e podemos percorrer os intrins daquela persecución, daquela guerra, daquela pasaxe da barbarie.** Aínda por dentro

Pasaron polos cárceres de Galiza exércitos de persoas sen crime nin delito

resoan voces, berros, laios estremecidos, silencios afogados nas súas frías e abandonadas paredes. Son paredes que contiveron os prantos da dor, unha dor inmensa e o inxustificable sufrimento que habita aínda nas nosas consciencias. Os seus ecos son testemuño daquela represión, daquel

holocausto noso e que por ser noso, non foi menor. Só era preciso unha sospeita, un dedo acusador que involucrase e poñíanos no punto de mira daqueles fusís da sen razón e o medo, do terror. Suficiente para engaiolar a dignidade das persoas e das súas familias. Homes e mulleres, nas mesmas ringleiras da morte, a morte é a mesma aquí e en Alemaña, o mesmo motor, a mesma ideoloxía subversiva. Todos agardando ser paseados, vilmente asasinadas, agardando ir a ningures tan pretiño da nada! Ringleiras enormes de mulleres rapadas, insultadas, forzadas e obrigadas, quebrantadas e profanadas na propia dor ou na dor dos seus homes, transgredidos tamén nas súas ideas, nas súas ansias de liberdade que son as nosas, ferindo –xa daquelas- na nosa esperanza!

Pingas de orballo Na memoria de tantas e tantos (2)

Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero.

Pasaron polos cárceres de Galiza exércitos de persoas sen crime nin delito, sen culpa nin agravio, defendendo a verdade e os ideais da liberdade. Todos seguen aínda reclamando identificación, dignidade e reposición, memoria agradecida nesa reparación xusta para que non volva suceder algo semellante, que só pode sementar odios e xenreiras, guerras e mortes, vinganzas e terror, para que no canto de cárceres se habiliten escolas, para non caer no esquecemento do que aínda son eses edificios de frías estancias e cuartos, de longos corredores, de ecos que nos chaman a facer memoria, a lembrar os seus nomes e onde están, as “choupanas, caldeiros, presidios, prisións, cadeas, falcoas, penais, gaiolas, rateiras” ... mil voces lles deron, nomes e lugares gravados na dor e na memoria, pasadoiros previos dos muros de fusilamento, dos barrancos, da morte, das foxas e sepulturas, do esquecemento covarde.

Lembrar debemos aos que mataron no Campo da Rata levados do cárcere da Coruña, aos que obrigaron a tirarse no mar desde O Cabo do Home, aos da Illa de San Simón, aos tantos e tantas das cunetas, aos de Villarraso, aos do Acevo co Comandante Moreno, aos de todos os demais foxos que son moitos e de moitos non sabemos, tamén aos dos campos

de concentración, de traballos forzados, de exterminio e castigo. Juana Capdevielle, Gayoso, María, Carme, Clementina, Josefa Barreiro, Seoane, Mercedes Romero, Francisco Mazariegos, Erundina Álvarez, Manuel Ponte, Emilia Cabaleiro, Díaz Pan, Carme de Miguel, Benigno Andrade, Virxinia Meilán, Díaz Baliño, Carme Sarille, Manuela Graña, Urania Mella, Marta Crespo, O Piloto, Henriqueta Gómez, O Asturiano, Maruxa Mazariegos, Hortensia Mosqueira, ...milleiros e milleiros de débedas temos na recámara da nosa frouxa memoria. Severino Rivas, o pai de Darío Rivas, aquel que xa vos contei entre as Pingas dalgún orballo xa pasado, quen –mirade por onde, foi o

cando xa o seu fillo Darío tiña case os noventa anos.

Por riba da ferida, a ferruxe do esquecemento e os impedimentos dos que mandan –que non gobernan– e que entorpecen e non axudan. Non podemos perder, sen máis, aos que encheron de honra a nosa memoria, oponéndose a aquela insurrección contra o poder elixido, aos que se opuxeron a aquela usurpación do dereito e das ideas. Aínda se terán que encher páxinas de moitos libros, falando dos tantos e tantas que aínda están por exhumar, nomear e coñecer e que, por suposto, quedan para que lles devolvamos a honra!

Milleiros de débedas temos na recámara da nosa frouxa memoria

que iniciou a querela contra os crimes do franquismo en Arxentina. Dóese de nós ao ver que aquí seguimos sen dereito a recoñecernos, e aínda sigue a pedir esclarecemento dos feitos que levaron á morte de tantos como aquel, seu pai, que sacaron do cárcere de Lugo, **alcalde de Castro de Rei e apareceu, aínda non hai moito, en Cortapezas, preto de Portomarín,**



Os pensionistas toman as rúas


Deputación DA CORUÑA

EDITA: Asociación A. IRIMIA

Dende setembro de 1981

FEITO EN PAPEL RECICLADO

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Tareixa Ledo Regal, Clodio González Pérez, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobarrio (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuiña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Engracia Vidal Estévez, Manuel Arca e J.M. Barca López, Manolo G. Turnes.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓN EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓN: Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 615 464 095 / subscripciones@asociacion-irimia.org

Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 650 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182

IMPRIME: TÓRCULO Artes Gráficas

DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://asociacion-irimia.org/revista.html>

Boa Nova



Esta semana tiven a sorte de atopar na páxina web dos irmáns José Ignacio e López Vigil (<https://radialistas.net/>) unha nova serie. Despois de *Un tal Xesús* e *Outro Deus é posible*, agora temos *Fronte a fronte: Debate entre San Paulo Apóstolo, quen inventou a Cristo e María Magdalena, a que coñeceu a Xesús*.

San Paulo, fariseo, non coñeceu a Xesús. Nunca o escoitou falar. E, porén, escribiu cartas e máis cartas predicando a un personaxe divino, Xesús Cristo. Esta situación causa un problema gravísimo porque as igrexas católica e cristiá están fundamentadas máis na teoloxía fantasiosa e intolerante do apóstolo Paulo ca na boa noticia do Evanxeo de Xesús.

A que si coñeceu a Xesús foi María Magdalena, a primeira testemuña da resurrección, desprestixiada por unha tradición machista.

Os programas da serie son debates imaxinarios entre Paulo e María Magdalena.

Imaxinarios, pero apoiados en estudos moi serios e en novos descubrimentos da eséxese bíblica. Son 21 capítulos, que podemos ler ou escoitar, e lembren: quen ten preguntas, pensa; quen só ten respostas, obedece.

Olga Álvarez

O que obra a verdade vén cara á luz

O Evanxeo de Xoán non sempre é fácil de entender, xa pola súa teoloxía elevada, ás veces difícil de seguir, xa porque nos deixa cunha certa sensación de desacougo, aínda que tamén nos marabille pola fondura coa que expresa o misterio da fe en Xesús. Esta dobre experiencia, sen dúbida, brota ante a perícopa que hoxe temos que comentar.

Este texto forma parte da resposta que o mestre lle dá a Nicodemo (Xn 3, 1-21) cando este lle pregunta como se pode nacer de novo (Xn 3,9). Xesús invita a Nicodemo a se lembrar da figura de Moisés cando alzou unha serpente de bronce no deserto para sandar a todos os que eran atacados polas víboras (Num 21-4- 9) que, segundo entende o texto, era consecuencia dun castigo de Deus porque o pobo comezara a dudar dos seus designios.

Xesús vaise identificar co xesto de Moisés, considerando que igual que o gran antepasado de Israel puido salvar o pobo despois de recoñecer a súa incredulidade (Num 21,7), tamén el será elevado na cruz para salvar o mundo. Pero para que homes e mulleres experimenten esa salvación han de crer nel (Xn 3, 16-17).

A forza e a contundencia coa que lle fala o mestre a Nicodemo reflicte non só a experiencia de rexeitamento que o propio Xesús experimentou por parte do seu pobo, senón tamén a situación que vivía a comunidade de Xoán perseguida pola súa fe no Mestre. Para este grupo de crentes, as palabras de Xesús dábanlles esperanza e axudábanos a seguir sostidos na fe que proclamaban e na luz que iluminaba as **súas vidas**, fronte aos que os criticaban e actuaban contra eles, non sempre de boa fe.

Carme Soto

A CLAVE

DOMINGO 11 DE MARZO. IV de CORESMA

A PALABRA. Xn 3, 14-21

Naquel tempo dixo Xesús a Nicodemo: «Como Moisés alzou a serpente no deserto, así debe ser alzado o Fillo do Home, para que todo o que cre nel teña vida eterna. Pois de tal xeito amou Deus o mundo, que lle deu o seu Fillo Unixénito, para que todo o que cre nel non se perda, senón que teña vida eterna. Non mandou Deus o Fillo ao mundo para que xulgue o mundo, senón para que por el se salve o mundo. O que cre nel, non é xulgado; mais o que non cre, xa está xulgado, porque non creu no Fillo Unixénito de Deus. Nisto consiste o xuízo: en que, vindo a luz ao mundo, os homes escolleron a tebra en vez da luz, pois as súas obras eran ruíns. Pois todo o que fai o mal, odia a luz e non vén cara á luz, para que non o delaten as súas obras. Polo contrario, o que obra a verdade, vén cara á luz, para que se vexan as súas obras porque están feitas como Deus quere.»

A PALABRA

ECO

Falando da lingua Pares de dous...

Lidia e Valentina



Presta ben ter quen che enxuga as bágoas...

Na nosa última cita fixemos referencia a formas do castelán que, pouco a pouco e de forma bastante silenciosa, van apartando as formas galegas tradicionais. Isto pasa moito co léxico e xa o temos falado nalgũa ocasión, por exemplo nun número dedicado ás acepcións de “romper” que temos no galego e que se van perdendo (escachar, esnaquizar...). Queriamos hoxe falarvos de palabras que sofren esta problemática.

É o caso do verbo “enxugar”, que perde espazo: cóllello o verbo

moita calor enxugou os tomates”, senón que os secou. En todo caso, podemos falar de que “a moita calor agostou os tomates”, porque cando se trata de facerlle perder a humidade a unha planta, herba, froito..., empréganse “agostar”, “azamelar” ou “aqueirar” como sinónimos de secar: “Coa calor deste agosto, o froito todo aqueirou” ou “Esta calor azamela o cultivo”. Estes termos non están extendidos por toda Galicia, pero non se deben perder, podemos botar man deles!

“secar”, que tamén existe en galego, en principio co mesmo significado de “perder humidade”. Pero non son sinónimos perfectos! Nós *enxugamos* os pés porque nos entrou auga nos zapatos, *enxugamos* as mans coa toalla e collemos a roupa cando xa está *enxoita*, pero se non *enxugou* de todo, deixámola estar. Non dicimos que “*a

Tampouco dicimos que “coa seca enxugou a fonte”, senón que secou, aínda que podemos enxugar unha mesa na que caeu auga. A verdade é que non temos moitas máis claves para darvos aos que non teñades de voso o uso de “enxugar” e, ás veces, tampouco sabemos se o que non nos soa ben é por falta de uso, ou se realmente nunca se usou neses contextos. Por iso buscamos lectores e familiares e amigos de lectores que nos manden os seus exemplos de uso do verbo “enxugar”.

Si hai outros pares de palabras que son sinónimos perfectos e dos que a maioría da xente coñece as dúas formas, como “cartos” e “diñeiro”, por exemplo. Tamén pasa nalgúns casos de sinónimos que mesmo hai persoas que pensan que só a forma diferente é a correcta en galego: ocorre con “labios” e “beizos”; “bágoas” e “lágrimas” ou “cerrar” e “fechar”/“pechar”. Todas son correctas en galego e neste caso sen distinción de contextos; así e todo, non está de máis seguir usando a diferente para que non se perda...

O Fachineiro da lingua (catalá)

Desprezo

Todo o mundo ten claro que non hai nada máis propio do ser humano ca o idioma. Así nolo fai saber a propia etimoloxía grega desta palabra. E tamén temos claro que os paladíns da caspa e a caverna non están cómodos nin cómodas con outras linguas que non sexan a súa. Para dicir o que se dixo agora do catalán e do castelán en Cataluña hai que ser moi miserable, moi ignorante ou as dúas cousas ao mesmo tempo. Por aquí hai tempo que fixemos o máster nese campo, e eses argumentos da discriminación do castelán e da imposición do galego xa nos soan de vello. Tanto ten que os datos digan que o contrario. Dá igual que se demostre con cifras que os rapaces e rapazas catalás galegas e vascas saben



tanto castelán coma os de Madrid e que ademais dominan outra lingua que os pobres de espírito lingüístico non saberán nunca, nin interese que teñen. O obxectivo é borrar todo o que soe a diferente, o que poida ser interpretado como signo de identidade. Calquera cousa vale con tal de non deixar respirar a diferenza. E

neste punto, na política estatal só hai dous partidos: os de dereita e os de ultradereita, tal como se viu coas declaracións ao respecto de presuntos socialdemócratas. Eles, que gobernan comunidades que pouco poden ensinar en canto a resultados educativos. Moito queda que loitar para podermos seguir vendo o mundo desde o galego.

A.Q.